



Curso “Condutas disociais de menores inimputables: Como intervir máis aló do delito”

DOCENTE

Alba Muro Marquina (16398).

ORGANIZA

Sección de Psicoloxía Xurídica do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

COORDINA

Ricardo Fandiño Pascual (G-1955).

DURACIÓN

8 horas.

DATA E HORARIO

Sábado, 11 de outubro de 2025.
De 09:00 a 14:00 horas e de 16:00 a 19:00 horas.

LUGAR

Salón de actos do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

PRAZAS

40.

PREZOS

Membros da Sección de Psicoloxía Xurídica do COPG.....	40,00€
Psicólogos/as demandantes de emprego, estudantes de 4º curso do grao, master ou doutoramento en psicoloxía.....	25,00€
Psicólogos/as colexiados/as.....	50,00€
Psicólogos/as non colexiados/.....	100,00€

*Neste curso podes optar ás 4 prazas gratuítas para colexiadas e colexiados desempregados. Bases no seguinte enlace:
https://copgalicia.gal/system/files/PDFs/xerais/axudas_a_formacion_para_colexiados.pdf



Curso “Condutas disociais de menores inimputables: Como intervir máis aló do delito”

PROGRAMA


- A conduta violenta e disocial na infancia e a adolescencia.
- Os diferentes contextos nos que aparece e as súas respostas.
- Modelo de comprensión relacional da violencia e atención a menores inimputables.
- Ferramentas de avaliación do risco de condutas disociais futuras.
- Ferramentas de intervención con menores de idade e as súas familias.
- Ferramentas de intervención coa comunidade.

OBXECTIVOS

- Presentar un modelo de comprensión relacional da violencia e as condutas disociais na infancia e adolescencia.
- Dar a coñecer unha proposta de modelo de intervención completa para atender a menores inimputables con condutas disociais.
- Mostrar estratexias de avaliación e intervención con esta poboación e as súas familias, e a súa aplicabilidade nos diferentes contextos de actuación.
- Fomentar a capacidade dos asistentes para valorar o risco, formular os casos e establecer programas de intervención e seguimento específico.

METODOLOXÍA

- Exposición do contido para tratar, ilustrado con exemplos.
- Promoción da reflexión grupal a partir de casos reais.
- Actividades grupais/individuais de reflexión sobre o contido e aplicación das técnicas propostas, así como a posta en común e debate das conclusións.



Curso “Conduitas disociais de menores inimputables: Como intervir máis aló do delito”

DOCENTE

ALBA MURO MARQUINA (16398).

Licenciada en Psicoloxía pola Universidade de Barcelona (UB). Máster en Psicoloxía Forense e Criminal pola mesma Universidade e, en Terapia Sistémica pola Escuela Vasco Navarra de Terapia Familiar (EVNTF). Ten formación pos-universitaria de posgraduado en Psicoterapia de Apoio desde o Modelo de Vinculación Emocional Validante (VEV), e como especialista en detección e prevención do abuso sexual infantil, en comportamento antisociais en adolescentes, e en intervención baseada na mentalización (MBT-A e AMBIT) polo Anna Freud Centre. Traballou no Departamento de Xustiza Xuvenil en centros de internamento e no medio aberto, así como no servizo de Medidas Penais alternativas con adultos. Desde o 2012, coordina e traballa como psicóloga no Servizo de Atención a Menores de 14 anos inimputables, da Dirección Xeral de Atención á Infancia e a Adolescencia da Generalitat de Catalunya. Tamén publicou diversas investigacións sobre intervención no ámbito da execución penal e artigos relacionados coa intervención con adolescentes en conflitos social, e participa como docente en diversas formacións pos-universitarias. Membro da Asociación para o desenvolvemento da psicoterapia en contextos educativos, terapéuticos e sociais (ADP-CETS) desde 2018 e Presidenta desde 2022.

INSCRICIÓN

A través do correo electrónico do COPG (copgalicia@copgalicia.gal) remitindo o boletín de inscrición xunto coa copia da transferencia bancaria a nome do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia na conta corrente IBAN Nº ES02 0081 0499 6500 0227 8629 de SABADELL ou a través da Sede Electrónica do COPG. Respetarase rigorosamente a orde de entrada das inscricións realizadas.

O curso terá un mínimo de asistentes, tendo preferencia os psicólogos e psicólogas membros da Sección de Psicoloxía Xurídica do COPG, podendo suspendelo o Colexio no caso de non obter un número de suficientes inscricións.

Ao día seguinte de rematar o prazo de inscrición comunicarase por e-mail a admisión ou non admisión.

Ao finalizar o curso entregarase o correspondente certificado de asistencia, para o que será necesario ter asistido ao 80% da sesión.

Non se poderá anular a inscrición nin se devolverá o importe da matrícula fóra do prazo sinalado para a inscrición.

Deberase estar ao corrente no pago das cotas colexiais. Para as tarifas de demandante de emprego, axuntarase informe de situación administrativa actual e informe demandante de emprego, asinado pola persoa responsable da oficina do Servizo Público de Emprego de Galicia con data actual ou informe períodos de inscrición. Os e as estudantes do derradeiro ano de Psicoloxía terán que presentar copia da matrícula. As psicólogas e psicólogos non colexiados deberán presentar o título de Licenciatura ou Grao en Psicoloxía.

Último día de inscrición: 1 de outubro de 2025.